

VOCABULARIO TEMA 5. A POBOACIÓN ESPAÑOLA

Poboación activa: todas as persoas que están en idade legal de traballar, que ou traballan ou buscan emprego. En España considéranse dentro desta situación as persoas maiores de 16 anos.

Esperanza de vida: índice demográfico que fai referencia ao número de anos promedio que pode vivir unha persoa nun país determinado, dependendo do ano de nacemento e das características socioculturais. En España é de 83,77 (INE, 2023).

Réxime demográfico: etapa na evolución do movemento natural da poboación dun país, na que a natalidade, a mortalidade e o crecemento natural presentan características homoxéneas. Os países desenvolvidos como España, atópanse no réxime demográfico moderno (de acordo coa teoría da transición demográfica), e algúns autores falan xa dunha 2º transición demográfica.

Crecemento vexetativo: variación positiva ou negativa da poboación dun lugar debido ao seu movemento natural (diferenza entre natalidade e mortalidade). En 2023 España o saldo vexetativo de España foi -115.468 persoas (INE).

Padrón municipal: fonte demográfica moderna onde se rexistran os veciños e veciñas dun municipio e as súas características básicas en base a idade, sexo, actividade profesional ou domicilio. Os seus datos supoñen a proba de residencia no municipio e do domicilio habitual no mesmo. É un documento dinámico (modifícase constantemente coas altas e baixas), que se actualiza o 1 de xaneiro de cada ano. Ex: padrón de Ordes.

Saldo migratorio: diferenza entre inmigración e emigración nun determinado lugar. Cando o saldo migratorio é positivo -hai máis inmigrantes ca emigrantes-, a poboación aumenta; cando o saldo migratorio é negativo -hai máis emigrantes ca inmigrantes-, a poboación diminúe. En España foi de 258.547 en 2022 (INE). Xunto co crecemento vexetativo contribúe ao crecemento real da poboación.

Inverno demográfico: situación que se produce actualmente en países que están no réxime demográfico moderno, con taxas de fecundidade que están por debaixo da taxa de reposición (2,1 fillos por muller), o que provoca un avellentamento da poboación e a necesidade de favorecer a inmigración de cara a cubrir os postos de traballo necesarios para o funcionamento da economía. Esta problemática é significativa nos países máis avanzados da UE e Xapón, así como tamén en Rusia.